



BANDO

DAVID BARBEIRA GARCÍA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTA COMBA INFORMA QUE:

A Consellería de Sanidade publicou a Orde do 4 de marzo de 2021 pola que se modifica a Orde do 25 de febreiro de 2021 relativa as medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19, que se aplicarán dende as 00:00 horas do día 5 de marzo de 2021 e que son as seguintes:

-Reunións máximo 4 persoas, conviventes ou non conviventes.

-Hostalaría: Interior: 30% da súa capacidade. Exterior 50% da súa capacidade. Catro persoas por mesa ou agrupación de mesas. Non consumir en barra. Peche: 18:00 horas. Permitido entrega a domicilio ata as 00.00 horas ou recollida ata as 21.30 horas.

Os establecementos do sector hostaleiro deberán manter accesible ao público e á autoridade sanitaria a súa capacidade máxima interior e exterior, mediante un cartel nun lugar visible no que conste para o interior e o exterior os seguintes datos: a) Capacidade máxima permitida en condicións normais. b) Porcentaxe máxima de uso establecida pola autoridade sanitaria. c) Capacidade máxima permitida en función da porcentaxe máxima. A persoa titular do establecemento disporá dun código QR que estará a disposición dos usuarios para poder rexistrar a súa presenza, a efectos de posibles rastrexos en caso de haber positivos. **A obriga de obter un código QR e dispor de cartel informativo será obrigatorio a partir das 00.00 do día 12 de marzo de 2021.**

-Lugares de culto: Aforo de $\frac{1}{3}$ e distancia de 1,5 metros. Prohibidos na vía pública. Velatorios: Todo tipo de instalacións cun límite máximo de 10 persoas por túmulo, sexan ou non, e 25 no exterior, sexa ou non conviventes. Na comitiva: máximo 25 persoas (sexan ou non conviventes) + párroco. Prohibidas actuacións de coro ou agrupacións vocais. Prohibida auga bieita. Ablucións rituais na casa.

-Realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos ou profesionais e xuntas de comunidades de propietarios: Poderanse realizar sempre que se adopten as medidas previstas nos protocolos de funcionamento. Recoméndase que se realicen de forma telemática. Límite 30% da súa capacidade. Límite 75 persoas lugares pechados e 150 en actividades ao aire libre.

-Nos centros sociocomunitarios, centros cívicos, centros de convivencia, centros sociais e demais natureza análoga: Límite 30% da súa capacidade. Máximo 4 persoas + monitor. Permanecerán abertos os centros de maiores e persoas con discapacidade e os ocupacionais, así como as casas do maior.

-Toque de queda entre as 22.00 e ás 6.00 horas, agás causas xustificadas.

Santa Comba, 5 de marzo de 2021

O Alcalde,

Asdo.: David Barbeira García